

A NOSA TERRA



Ano XXXIII — Núm. 479

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 348.396

CORR
ARGE
Cent. B

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, XUÑO DE 1951

O Estatuto Galego ENCOL DUN EDITORIAL

¡28 de Xuño! Velaí unha das datas memorabeis para a galeguedade. Nese día do ano de 1936, o povo galego reafirmou dun xeito rotundo o dereito de gobernarse por si mesmo. Salvo unha pequena minoría, o plebiscito que aprobou o Estatuto de Galiza obtivo a votación case unánime do país.

A nosa Terra ardía en festas i esperanzas. Dende o século XV non había vivido un intre de tanta emoción cidadán. Había reconquerido a liberdade que lle arrincaran os Reis Católicos, despóis de asesinar ao derradeiro galego ceibe: o mariscal Pero Pardo de Cela.

Os case cinco séculos trascorridos de "doma" e sometemento ao poder absorbente de Castela, non habían podido destruír o espírito de independencia que inflama os nosos peitos.

Por fin, a nosa Terra ía a ter o instrumento que lle permitiría desenrolar as súas propias características, dacordo aos anxeos dos seus fillos. Unha gran fe no porvir enchía os corazóns. Unha verdadeira renascencia alvísbase xa, como unha mañán de gloria...

● Pero todo ficou nas negruras da noite. A implacabel realidade, que se agazapaba traicioeira, xurdeu de súpeto coa forza dun vendabal furioso, e arrasou despiadada coas mirandes ilusións que un povo, sedento de xustiza, habíase forxado.

Quince anos van corridos xa dende aquel día sinistro, que tolleu as nosas esperanzas. Quince anos de sufrimentos e de infamias, cometidas no nome de Deus. Quince anos dun terror espantoso, como endexamáis se coñeceu na historia dos tempos modernos. Quince anos adicados a eistirpar toda semente liberal e galeguista... ¡Necios malvados! ¡O que non poideron facer os románs, os suévos, os godos, os sarracenos, os casteláns, pretendían levar a cabo os miserabeis feixistas! ¡Destruir o noso espírito, destruír o espírito galego! ¡Probes homes!

Oxe, en Galiza, é doado comprobar, a pesares da tiranía que a asoballa, unha renascencia patriótica, que enche a alma de esperanzas. Parece que a xente presente que algo vai a pasar e que é mester atoparse preparado para aitar no intre oportuno. Xa se perdeu aquel medo que imponía silencio aos máis valentes. Craro está que a máquina policial aínda funciona con dureza; pero xa non ten a eficacia de denantes.

Este é o momento en que nós, os que nos achamos fora daquel inferno, os que libremente podemos loitar pol-os nosos ideaes, que son os de Galiza enteira, debemos traballar con todo afinco para levar aos nosos irmáns, alá escravizados, as verbas que os alenten e as obras que os entusiasmen.

I esto témolo que facer dun xeito intransixente, sen ningunha concesión ao nemigo, coa pureza de principios e de conduta que sirva de exemplo. Non ñoramos que hai galegos que nos censuran por esta atitude nosa, galegos que quixeran que cultivásemos a língoa "de Cervantes" e que contemporizáramos cos que nos inxurian; que fósemos, nunha verba, uns bós rapaces, modosiños e ben educados... Sentimos dicir que nada temos de común con eses galegos, galegos que se chaman "universalistas" e que son somentes uns probes seres con alma de escravos.

Non; endexamáis cederemos o máis mínimo no que toque ao fondo da nosa doutrina, da doutrina que dependemos nas irsinanzas do noso mestre, do noso inmorrante guieiro, que sempre está presente no noso corazón.

Agora máis que nunca debemos manternos firmes e fideles nos principios que defendemos; e si algo temos que reitificar, será para ser aínda máis intransixentes cos nosos nemigos. Os feitos pasados, a esperencia que nos dou a República do 31, deben servirnos de lección para non confiar nas promesas, senon obrar pol-a nosa conta e adiantarnos aos acontecementos.

O mesmo Estatuto que se plebiscitou o 36 cicáis haberá que revisalo; pero non para facer ningunha concesión aos timoratos, senon para eisixir máis, moito máis do que, "graciosamente", nos concederían as Cortes hespañolas.

E os galegos que non estén conformes con esta maneira de pensar nosa, que se declaren dunha vez casteláns e que se vaian... con eles.

No periódico dunha importante institución da nosa colectividade, aparés un editorial co suxectivo tído de: "La colectividad y el galleguismo"; e de ter en conta as afirmacións que nel se deborcan, teremos de chegar á penosa conclusión de que, apesares do que se leva traballado e loitado perante anos; do que sufriu e sofre o noso desventurado povo, e dos milleiros de mártires do ideal nazonal galego, inda hai quen pensa que as cousas hai que deixalas como están, como estiveron decote:

Probeza espiroital e material, e, como única medida de salvación pra sair dese circo de provincialismo colonial noxento, fuxir, emigrar e asimilarse; confundirse anulando a propia personalidade. Evadirse de si mesmos, do propio orixe racial e histórico, sen loita, sin azos bariles de supervivenza nazonal, pra sumarse a terceiros, convertíndose nunha caricatura de si mesmo.

Co gallo de desenrolar o tema, comeza o editorialista por agacharse nunha comenente cortina de fume moi ao uso; a participación dos galegos na xesta da descuberta d'América; na colonización, defensa, creación e orgaización destas novas repúblicas americanas, etc., pra logo desembocar no seguinte:

"Mal haríamos si, aprovechándonos de ese prestixio, menospreciáramos el de los demás. Antes, al contrario, tenemos que hacernos partícipes de cuanto pueda significar algún aporte al conjunto de virtudes que animan a estos pueblos en plena evolución: admitiendo como una necesidad y una honra el respetar, compartir y aun asimilar sus propias características.

"Quizá alguien nos diga que esto no es precisamente galleguismo. No faltará tampoco quien interprete que menospreciamos lo nuestro, con ello. No es así. Apreciamos lo nuestro y lo defendemos en la medida que es posible. Pero entendemos que contribuimos más a difundirlo, a popularizarlo, valorizando sus virtudes esenciales ante quienes lo desconocen: acercándolo en forma sencilla, modesta y natural que con los discursos académicos en gallego, que sólo una ínfima minoría se halla en condiciones de interpretar, o con los de barri-

cada en contra de Castilla que bien poco nos enaltecen"...

Non é mester ser moi agudo pra decatarse de que estamos diante dun caso típico de "Regionalismo sano y bien entendido". Mais o que ao parecer se non decata o articulista, é que iso xa pasou, como pasan todas aquelas cousas que non s'axeitan ás necesidades e aspiracións dun povo que non se resina a morrer como tal.

¿Qué é o galeguismo? Moi sinxelo. Un bon día os galegos, cansos de sufriren humillacións e opreixóns alleas, e seren cidadáns de terceira crase, algo así como coloniais, decidiron porse a pensar e obrar por conta propia. Esculcaron no seu pasado e descubriron os seus orixes raciais, e unha personalidade histórica e cultural tan ilustre como a que máis, e a tal punto, que ben nós podemos considerar, con xustificadío orgulo, base ou tronco —non ponla — do campanillado idioma portugués, e algo tamén ¿por qué non? poríamos dicir, do tan cacarexado idioma de Castela.

E postos xa no choio d'esculcar, entrounos a curiosidade por saber outras moitas cousas, como por exemplo: decote os hespañoles, nos fixeron crer que Galiza era un país probe; e crémolo de boa fé, ¿por qué non?; si os hespañoles o decían, debía de ser certo... i emigramos. Emigrouse en masa, cuasi en

tren de fuxida e tan é así, que según as estadísticas, saíron de Galiza no período de 1901 a 1931, a fabulosa cantidade de 1.122.925 persoas. Un millón, cen mil persoas, sobor dunha povoación que non chega aos tres millóns, supón un éxodo en grande escala, xustificadío únicamente, por unha peste, devastación ou terremoto...

¿Qué fixeron a todo isto os gobernos hespañoles? Nada. Millor dito, alentaron a emigración en masa do povo galego, e cando máis, tomouse o asunto como un belido tema literario: o galego emigra, por un incontibel espírito d'aventura, por saudade do máis alá... Tamén, porque a nosa Terra é un país probe e superpovoado...

No ano 1933, o goberno da República hespañola, laiábase de dificultades d'orde económico, por mor de que os gobernos americanos restrinxiran os xircs dos emigrados galegos (?). El pouco tempo fai, o ministro falanxista Artajo, veu a este país, a ofrecer emigrantes como quen oferés gando en pé... A todo isto compre preguntar: ¿Pode honestamente, un galego aceptar como cousa natural, que todo siga na nosa terra, como arestora, que o nosa sexa unha terra de parias?

Galiza é un país, nen máis rico nen máis probe que calquera país da península; que Suiza, Dinamarca ou Noruega,

(Continúa na pág. 3)

FOILLE ENTREGADO AO CENTRO OURENSAN O LIBRO "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA" DE CASTELAO

O vernes 8 do corrente, ás 22 horas e diante dun calificado e numeroso público, tivo lugar na súa de recepcións do Centro Ourense, un sinxelo i emotivo aito.

Consistiu o mesmo nun ben servido lunch, pra despóis, o se señor Manoel Puente facer entrega ao Centro Ourense —na persoa do seu presidente, señor Fernández Prol—, no nome da Editorial "Nós", do volume firmado por Castelao, de "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA".

Con verbas ateigadas d'emoción, o señor Manoel Puente puxo de manifesto a mañífica labouira patriótica e cultural galega que desenrola a cotío o Centro Ourense e canto era o cariño e devoción que Castelao sentía pol-os ourensáns e por esta casa tan grata ao seu espírito.

Contestoulle, agradecendo as gasalleiras verbas de don Manoel Puente, o presidente da entidade, señor Fernández Prol, dándose con elo, por findado este sinxelo i emotivo aito.

O Vernes 28, ás 21 horas, Celebrarase No Centro de Almaceros, un Aito Commemorando o Plebiscito Galego

Un Diccionario Etimoloxico da Lingoa Galega

Decote foi unha necesidade fundamental pro idioma gallego, contar cunha obra moderna etimolóxica, xa que dende a aparición do "Diccionario gallego-castellano" de Caveiro no 1876, o "Gallego - Castellano", de Valladares, publicado en Santiago no 1884; o publicado até a letra C, pol-a Real Academia Galega no 1919; o "Diccionario Gallego Castellano" de Carré, que ven a lús no 1928 e 1931, até o recente de Ibáñez Fernández, "Diccionario Galego da Rima e Galego - Castelán", publicado no ano 1950, así como o "Vocabulario Castellano - Gallego" das Irmandades da Fala, editado na Cruña o ano 1933, non se veu ao idioma galego aparecer máis que n'algúns estudos illados, aportacións varias evidentemente de moita importancia, pro fragmentarias no orde filolóxico i etimolóxico.

Daí a importancia da obra que ven realizando nese senso o catedrático da Universidade, encargado da cátedra de lingüística Románica e Filoloxía Galego - Portuguesa da Universidade de Madrí, don Ramón Fernández Pousa. O ilustre pro-

El Estatuto Gallego

TRADUCCION

¡28 de Junio! He ahí una de las fechas memorables para la galleguidad. En ese día del año de 1936, el pueblo gallego reafirmó de un modo rotundo el derecho de gobernarse por sí mismo. Salvo una pequeña minoría, el plebiscito que aprobó el Estatuto de Galicia obtuvo la votación casi unánime del país.

Nuestra Tierra ardía en fiestas y esperanzas. Desde el siglo XV no había vivido un instante de tanta emoción ciudadana. Había reconquistado la libertad que le arrancaron los Reyes Católicos, después de asesinar al último gallego libre: el mariscal Pedro Pardo de Cela.

Los casi cinco siglos transcurridos de "doma" y sometimiento al poder absorbente de Castilla, no habían podido destruir el espíritu de independencia que inflama nuestros pechos.

Por fin nuestra Tierra iba a tener el instrumento que le permitiría desarrollar sus propias características; de acuerdo a los anhelos de sus hijos. Una gran fe en el porvenir llenaba los corazones. Un verdadero renacimiento se vislumbraba ya, como una mañana de gloria...

Pero todo quedó en las nebruras de la noche. La implacable reacción, que se agazapaba traicionera, surgió de pronto con la fuerza de un furioso vendabal y arrasó despiadada con las mayores ilusiones que un pueblo, sediento de justicia, se había forjado.

Quince años van corridos ya desde aquel siniestro día que desbarató nuestras esperanzas. Quince años de sufrimientos e infamias, cometidas en nombre de Dios. Quince años de un terror espantoso, como jamás se conoció en los tiempos modernos. Quince años dedicados a extirpar toda semilla liberal y galleguista... ¡Necios malvados! ¡Lo que no pudieron hacer los romanos, los suevos, los godos, los sarracenos y los castellanos, pretendían realizarlo los miserables fascistas! ¡Destruir nuestro espíritu, destruir el espíritu gallego! ¡Pobres hombres!

Hoy, en Galicia, es dado comprobar, a pesar de la tiranía que la aherroja, un renacer patriótico, que llena el alma de esperanzas. Parece que la gente advina que algo va a ocurrir y que es necesario hallarse preparado para actuar en el momento oportuno. Ya se perdió aquel miedo que imponía silencio al más valiente. Claro está que la máquina policial aun funciona con dureza; pero ya no tiene la eficacia de antes.

Este es el instante en que nosotros, los que nos encontramos fuera de aquel infierno, los que libremente podemos luchar por nuestros ideales, que son los de Galicia entera, debemos trabajar con ahínco para llevar a nuestros hermanos, allá esclavizados, las palabras que los alienten y las obras que los entusiasmen.

Y esto tenemos que hacerlo de una manera intransigente, sin ninguna concesión al enemigo, con la pureza de principios y de conducta que sirva de ejemplo. No ignoramos que hay gallegos que quisieran que cultivásemos la lengua "de Cervantes" y que contemporizáramos con los que nos injurian; que fuéramos, en una palabra, unos buenos muchachos, modositos y bien educados... Sentimos decir que nada tenemos de común con esos gallegos, gallegos que se llaman "universalistas" y que son tan sólo unos pobres seres con alma de esclavos.

No; jamás cederemos lo más mínimo que toque al fondo de nuestra doctrina, de la doctrina que aprendimos en las enseñanzas de nuestro maestro, de nuestro inmortal guía, que siempre está presente en nuestro corazón.

Ahora más que nunca debemos mantenernos firmes y fieles a los principios que defendemos; y si algo tenemos que rectificar será para ser aún más intransigentes con nuestros enemigos. Los hechos pasados, la experiencia que nos dió la República del 31, deben servirnos de lección para no confiar en promesas, sino obrar por nuestra cuenta y adelantarnos a los acontecimientos.

El mismo Estatuto que se plebiscitó el 36 quizá tenga que ser revisado; pero no para hacer ninguna concesión a los timoratos, sino para exigir más, mucho más de lo que "graciosamente", nos concederían las Cortes españolas.

Y los gallegos que no estén conformes con nuestra manera de pensar que se declaren de una vez castellanos y que se vayan... con ellos

Unha boa medida no Centro Galego

O día 25 de Maio, festa nacional arxentina, vimos flamear, gallardas, a bandeira que creou Belgrano e, ao seu lado, a insiña do Centro: a bandeira galega.

Nin máis nin menos. As dúas bandeiras, a galega e a arxentina únennos a todos, absolutamente a todos!, mentras outros símbolos tan discutidos foron e serán sempre causa de discordias entre nós.

Ben está, pois, que as autoridades do Centro enarbolem somentes os símbolos que todos respetamos. Foi iste asunto das bandeiras o que máis perturbou a concordia entre a familia galega. E a pesares das xestións feitas por núcleos de patriotas e por entidades da colectividade dende o ano 1938, cada vez que se embandeiraba o fronte da nosa máisima entidade, aparecían os símbolos que, sin ser galegos, co-a sempre dividían aos galegos.

Felicítamos ao residente e a quen correspondía pol-o acerto da medida. Así faise Patria e únese aos galegos.

fesor ten xa moi avanzada a redacción do Diccionario etimolóxico da lingoa de Martín Codax. Foi un acerto que o señor Fernández Pousa s'houbera decidido a realizar esta empresa, posto que nel se reúnen dun xeito especial as tres condicións básicas pro éisito. Primeiro, o coñecimento profundo da lingoa de Cicerón, xa que constitúe o elemento básico do galego; en segundo lugar, porque coñés o idioma de Galiza pol-a súa condición de galego; e, en terceiro lugar, porque manexa a fondo as obras básicas de Filoloxía indoeuropea e románica.

A obra ten tanto máis mérito, canto que para a súa redacción non sirveu de modelo ningunha obra en concreto. Si ben a arela do autor é achegarse o máis posíbel á técnica e coñeición do magnífico diccionario de Meyer - Liege "Romanisches etymologisches Wörterbuch", especialmente á edición de Heidelberg, do ano 1935, así como á adoutada por Walde na súa "Laetinisches Etymologisches Wörterbuch", edición de Heidelberg do 1936, e tamén das da recente publicación de Darling Buk Dictionary of Selected Synonyms the principal Indo European Languages", Chicago 1949, sin esquecer o etimolóxico de Srnout Meillet, tomando de todos elos, aquilo que s'axeita como máis acetabel pra o Diccionario Galego, máis dentro da eistensión prefixada. Ademais é mester o manexo acotío dos Canzoeiros da rica literatura meioeval e dos textos da Literatura galega, moi especialmente no que se refire ao brillante Renacemento do século XIX.

Pol-o que se olla, a obra é unha laboura que eisixe sagrefizos, como toda obra que teima abrir vieiros novos, mais elo non será en van, pois o certo é que moi axiña Galiza terá o orgullo de contar cun magnífico Diccionario Etimolóxico.



EDOARDO PONDAL POETA HISPANO AMERICANO (¡?) No periódico galego "Lugo" nun xeito de seición cun tídoo a tres columnas: "Los POETAS HISPANO-AMERICANOS", aparece o noso bardo, autor do Himno Nazonal Galego, "fichado" deste xeito:

"Eduardo Pondal, médico y poeta español, nació en Ponte-Ceso (Coruña) el mes de mayo de 1835 y falleció en el año 1917"...

Será bon facerlle saber ao autor da devandita nota que o poeta Edoardo Pondal non é hispano americano pol-a moi sinxela i especialísima razón de que, pra selo, é mester ser nado en Hispano América; nin tampouco é doado meter a tan osto e sinificativo poeta galego no remexido e confuso caldeiro hespañol, como un Pérez calisquera...

Pondal, como Rosalía, Curros, Castelao e outros, pol-o seu escrarescido talento, pol-a súa eistraordinaria persoalidade galega, que trascendeu os lindeiros da propia patria, son símbolos imperecedeiros da Patria Galega, da Galiza Eterna. A súa vida non foi unha vida hespañola; foi unha vida enxebremente galega, adicada integralmente, ao rexurdimento da persoalidade do povo galego e da súa liberdade: como nazón.

Emporiso que nun periódico galego s'escriba: "Eduardo Pondal, médico y poeta español nacido en Ponte-Ceso (Coruña)", máis que unha cousa de mal gosto, antóxasenos un sacrilexio, por non decir outra cousa peor...

RECENTEMENTE, CELEBROUSE en México —cidade capital— un congreso d'Academias da lingoa hespañola, e o goberno de Falanxe, coa teima de facer fracasar o devandito congreso pol-a ausencia d'Hespaña, aproveitou a ocasión pra "co-brarse" da lealdade do povo e o goberno mexicán acarón da causa da República hespañola.

"España —berraban os taitas do falanxismo—, madre gloriosa de veinte hijas que le dió el ser, que les enseñó a hablar"...

E as fillas, xa medradinas, fixeron o Congreso sin a nai... e tutti contenti...

"¿CANDO ESTIVO A VIDA BARATA? —pregunta un vornal falanxista de Madrí—. ¿No ano 1925, no 1909, a fins do pasado século?"

Aseguido, ao plumífero de Falanxe non se lle ocorre millor argumento pra xustificar a fame-RECESA dos desventurados povos peninsulares baixo a pouta falanxista, que lembrar a un rideiro persoaxe da Comedia "La Verbena de la Paloma" —¡Va'ia por Deus!—, un probe home, un caixista que está namorado e que adocece por casarse, pro o coitado non gaña máis que catro pesetas, e ademais, ten que manter a sogra...

¡Verdadeiramente Hespaña é un sainete! ¿Qué fixemos nós, os galegos, pra que teñamos... Bon. Millor é calar, porque sinón...

UN PAISANO, ESPECIALISTA en facer filloas co amoadido colectivo en tempos eleitoraes do Centro Galego, anda indinado e carraxento o coitado, por mor de que o 25 de Maio, non se puxo no Centro, máis bandeiras que a galega e a arxentina. Tampouco lle pareceu ben, que a adhesión do Centro Galego ao homaxe a Don Manuel Puente, fose redactada no noso idioma...

Este carraxento señor, con alcume de "repub'cano", que pra máis señas é directivo do Centro, e fina d'aca'ar un posto de responsabilidade noutra importante entidade galega, coidamos que se pasa d'agudo e, aconsellaríamolle que non xogue con lume, por aquilo de que, as marcas a fogo, senón poden borrar...

Axiña aparecerá en Bos Aires nova revista galega

Co suxestivo tídoo de "Mundo Gallego", nasce en Bós Aires o 25 de xuño, Día de Galiza, o primeiro número desta revista mensual que xurde —tal a vontade espresada dos seus creadores— como un novo vieiro que porá en contaito emozal aos galegos d'América coa metrópoli.

Arte, literatura, música, cine, teatro, crítica, deportes e actualidades galegas, será o eñño desta nova publicación que o patriotismo aceso de tres mozos galegos e poetas, Eliseo Alonso, Xosé Conde e Teodoro Campos, director e redatores respectivamente, vencendo múltiples dificultades, teiman incorporar á prenga galega de Bós Aires.

Emporiso, que benvida esta nova vos galega ao seo da nosa colectividade, pois ela virá a encher un sensíbel valeiro deixado pol-a desaparecida e inesquecibel "Celtiga", que dirixida pol-o bon galego e patriota Don Xosé Rial Seixo, depinhou un frorido e saudoso ronsel no vieiro da nosa cultura.

E así que esperamos cobizosos a aparición do primeiro número de "Mundo Gallego", que coidamos de boa factura, acarón da fina sensibilidade galega e intelectual dos seus directores.

GALIZA OLLADA POR UN AMERICANO

Un publicista norteamericán, A. T. Craven, perante unha tempada de dous meses que estivo na Galiza, escribeu no xornal de Filadelfia "The Evening Bulletin" as súas impresións encol da nosa Patria, as que merecen seren comentadas, máis tratándose dun estranxeiro culto e ouservador que, cun criterio imparcial das cousas, fai unhas intrasantísimas observacións sobor das características étnicas do noso povo, que contrastan co criterio estúpido de moitos galegos que inda seguen créndose hespañoes, pola sinxela razón da propia ñoranza uns, e por espírito d'escravos, os outros.

Comeza o señor A. T. Craven: "As paradoxas abundan neste país da península, o ináiz verde e populoso, e lembran a orixe céltica do seu nome, Galiza—terra de galos".

Logo, referíndose aos costumes e gostos dos galegos por determinados espeitáculos, dí: "Esa tenacidade que distingue aos celtas de todas as costas eistremo occidentais do vello continente —Bretaña, Gales, Escocia, Irlanda— máñféstase característicamente na Galiza, onde todol-os conceptos convencionais que encol da Hespañia ten o visitante, sofren unha conmoción".

"O abanico e a afeizón aos touros, asociados á vida hespañola, atopan eiquí pouca ou ningunha acetación, e no referente á pompa bullanguera e tráxica do redondel areado, o afundimento é real, como a insinifícanza ante o entusiasmo axitado i emocioal do foot-ball".

Referíndose ao tipo razial dos galegos continúa o señor A. T. Craven: "Os subseguíntes invasores, non deixaron impreixón nestes galos d'ollos verdes i azúes do Noroeste da Península. Os mouros que froresceron con tal eisprendor en Sevilla, Córdoba, Granada e outros lugares, non deixaron virtualmente rastros na Galiza".

"Unha incursión de tres días a Sant Yago de Compostela —a aítual capital eclesiástica e universitaria da Galiza— abundou pra matar de raíz, o ardor da conquista".

"Non houbo mistura racial como en cuasi toda a península; abundan as faicións louras na Galiza e hai combinacións celtas características d'ollos azúes e cabelo negro e até louros auténticos".

"Non hai eiquí ren que lembre á Hespañia de Don Quixote, ou de Gil Blas, de La Sage".

Todo isto, díxoo un norteamericán ouservador i estudoso que coñés doadamente a Galiza, pois ao través da súa crónica, lle non fuxe nen un só detalle da realidade galega; pro o que non dixo o señor A. T. Craven, o que se calou, pro que o leitor adeviña, foi posibelmente o seu íntimo pensamento, que necesariamente condús a esta pregunta: ¿Cómo pode concebirse que

un povo como o galego, sendo unha nazonalidade orixinal e superior, se deixase asoballar i escravizar dende fai case cinco séculos por outro povo?

Xustifícase a domeación árabe na Hespañia; era un povo superior ao hespañol, e civilizouno. Hespañia houbera ganado moito si os árabes continuasen predomiñando no seu chan.

Pra ninguén é un secreto, que o arte considerado como típicamente hespañol é xenuinamente andaluz, como asimesmo Andalucía é a rexón da Hespañia propiamente dita —Castela, Aragón, Estremadura, León—, máis civilizada; pro eisiste unha razón: é a máis árabe e a menos goda.

No intre que Galiza foi conquerida pol-os Reis Católicos, era un dos povos máis cultos da Europa, e oxe, non embarcantes máis de catro séculos de bárbaro e outuso asoballamento castelán, seguimos sendo un povo superior, e a proba finca, precisamente, en que non foron capaces d'absorvernos, de facer desaparecer a nosa forte i enxebre persoalidade nazonal.

A CORAL GALEGA "TERRA NOSA" DEU UN RECITAL NO TEATRO "LASSALLE"

O martes 5 de xuño ppdo. a Coral Galega "TERRA NOSA" do Centro Ourensán, ofereceu no "Teatro Lasalle", desta Capital, un mañífico recital de música galega e arxentina, colleitando afervoados aprausos ao findar cada interpretación do numeroso público que asistiu cobizoso de coñecer e gostar o noso rico folklore musical.

Intres antes de dar comezo o concerto, o señor Enrique González, integrante da Coral "TERRA NOSA", encetou unha mañífica e documentada disertación encol da música popular

galega, sendo moi apraudido pol-o público.

O programa compúxose de tres partes. A primeira e terceira, canzóns galegas; e a segunda, arxentinas.

Foi asín que nos foi doado gostar no decurso deste mañífico concerto, fermosas páxinas musicas galegas de Manoel Prieto Marcos, X. Torres Creo, Prudencio Piñeiro e Mauricio Farto. Armonizacións de cantigas populares do P. Lois, Ma. Fernández, Manoel Prieto Marcos, Mauricio Farto e R. Fortes.

Na parte arxentina, gostamos belidas páxinas musicas de Gilardo Gilardi e Felipe Boero.

Compre por de manifesto a mañífica situación desta disceprñada coral polifónica galega que, dirixida pol-o eminente músico arxentino don Isidro B. Maiztegui, pon tan outo, o arte e o nome de Galiza.

As nosas máis afervoadas felicitacións ao Director don Isidro B. Maiztegui e aos integrantes da Coral pol-o trunfo outido.

Encol dun editorial

(Ven da pág. 1)

poñamos por caso. O que compre é desenrolar doadamente a súa riqueza creando industrias axeitadas á súa produción; mais pra elo, é mester que o país galego sexa libre, pois demostrado está que Galiza, como unidade económica, non s'axeita á tradizoal economía hespañola.

Emporiso, que non é doado falar de galeguismo, si nelo non vai imprícito, unha conduta un novo modo de sermos galegos: Vivir con diñidade galega non con mentalidade d'asimilado, idiomáticamente i en todas aquelas características nazonaes que fai que os galegos sexamos distintos dos demáis povos, e loitar por todol-os meios ao noso alcance, por unha Galiza ceibe, culta e próspera.

M. D. P.

¡GALEGOS!

CONCURRIDE O XOVES 28 DE XUÑO, AS 21 HORAS, AO CENTRO DE ALMACENOS, SAENZ PEÑA 242, PRA CONMEMORAR O 15 ANIVERSARIO DO

ESTATUTO DE GALIZA

FARAN USO DA VERBA, LEMBRANDO A HISTORICA DATA, OS Sres. BIEITO CUPEIRO, ILDEFONSO GURRUCHAGA, JUAN LLORENS E ANTON ALONSO RIOS

Aituará a CORAL GALEGA "TERRA NOSA" DO CENTRO OURENSAN

Recital Poético, a cárrago de Lito López

ENTIDADES ORGAIZADORAS: Centros: Ourensán, Pontevedrés, Lucense, Coruña, A. B. C. de Corcubión e Irmandade Galega.

Entrada Libre



Ao son da zanfona

A Agunia do Porco

Por VERDUGUILLO

¡Pobre cochal! ¡Pobre quiño!
¡Xa me inspira compasión!
¡Xa non ten máis que touciño
e vai perdendo o xamón.

Aláíase noite e día,
coma se fora un cristián,
e por veces desvaría,
soñando co Tío Sam.

Nin tan siquiera un momento
a súa dor se miliga,
pois non cesa o seu lamento
nin ao rañarlle a barriga.

Tópase desconsolado;
non espera salvación,
e vese xa transformado
en chourizo ou salchichón.

O cortello está tristeiro;
antes de xente bulía,
mais agora raz valdeiro
e sen lavadura a pia

Todo o mundo fuxe dél,
coma si tivera a peste;
ningún amigo fídel
póida ser que oxe lle reste.

Sóio algún camisa azul
quédalle como lembranza.
(De seguro que é un gandul
que quere encher ben a panza.)

Non-o pode ver ninguén;
os cregos e militares,
que antes eran seu sostén,
ore buscan outros lares.

Hastra os mesmos requetés,
que onte foron seu puntal,
voltáronse do revés
e van a traguelo mal.

Todos desexando están
que se morra dunha vez,
pero o maldito marrán
xunta máis folgos que dez.

Non embargantes, agora,
o porco ten que espichar;
non-o salvan a esta hora
a libra nin o dolar.

Fagamos de continelas
i empuñemos os facóns,
que axiña haberá morcelas
e castañas con rixóns.

O Centro Pontevedres Escolleu Novas Autoridades

O Centro Pontevedrés, co gallo d'escoller novas autoridades pro exercizo 1951-1952, realizou eleccións o día 22 d'abril ppdo., ficando constituída a C. Directiva do xeito que a continuación detallamos:

Presidente	Sr. CANDIDO REY
Vicepresidente .. .	CANDIDO A. GONZALEZ
Segredario Xeral ..	XOSE FERREÑO
Segredario Ausiliar ..	XOSE LOPEZ (Fillo)
Segredario d'Aitas ..	XOSE ORREA
Tesoureiro .. .	MANOEL PAZOS
Contador .. .	NILO RUSSO ROMANO
Subcontador .. .	ANTON R. ESCUDERO
Bibliotecario .. .	MANOEL BALOIRA

VOCAES TIDOARES

Francisco Hermida — Manoel Lobaríños — Edoardo Rey Xacinto Piñeiro — Euloxo Fernández — Xacinto Moldes Prado e Manoel Rocha

VOCAES SUPLENTES

Manoel García Esperón — Albino Casas — Primitivo Varela — Lois López Loureiro — Xosé Pérez Rodiño e M. Dios

COMISION FISCAL

Tidoares: Señores Edoardo Díaz — Anxel Magdalena e Xosé Maquieira
Suprentes: Señores Xaquín Campos — Xosé López e Rosendo Cuadros

Desexámolle ás novas autoridades do Centro Pontevedrés os máis sinalados éisitos no desempeño de tan patriótica e nobre minsión.

A Coleitividade Galega Rinde H

O día 3 de xuño, ás 13.30 horas, a coleitividade galega de Bós Aires deuse cita no Salón Teatro da Federación de Sociedades Galegas, pra rendir homaxe, cun gran xantar, a don Manoel Puente, este mañífico exemplar de galego e democrata que coa súa xenerosa aportación económica ao desenvolvemento da cultura galega e o seu aceso espírito cívico a prol da liberdade da Patria, tanto gravitou e gravita, na orientación da nosa coleitividade en labores patrióticos galegos.

Con don Manoel Puente, podemos decir que s'enceta na nosa coleitividade, unha nova xeira de quefaceres culturais e patrióticos de grande proxección no campo da nosa cultura e da dignidade galega.

A súa pródiga contribución e afervorado entusiasmo, fixo posible, como iniciador e principal contribuinte, a publicación a todo luxo de "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA", de Castela, obra fundamental do noso grande mestre e guieiro do galeguismo.

Creador do "Patronato da Cultura Galega" coa extraordinaria base económica dun millón de pesetas, promoveu a publicación dunha Historia de Galicia na cal están traballando destacados especialistas en ciencias históricas baixo a dirección do eminente polígrafo don Ramón Otero Pedrayo. A publicación desta grande e trascendental obra, será todo un acontecemento histórico que marcará unha nova xeira na conciencia nacional do noso povo, decote desvirtuado e negado.

Como presidente da Comisión de Facenda do Consello de Galicia, o seu peto estivo decote aberto pra todo ouxetivo patriótico; e como presidente da Irmandade Galega, foi o home serio, firme e hábil, acarón dos complicados problemas que acollío proliferan na nosa inquada coleitividade merecendo por elo, o respecto e a admiración da coleitividade que olla nél, o

home limpo, nobre e consecuen- te nos seus ideais democráticos e de galegitude.

O XANTAR

Coa asistencia dun extraordinario número de persoas que cubrían materialmente o amplo salón —máis de setecentos comensales— i antre as que se atopaba o máis representativo da nosa coleitividade, deu comezo o xantar executándose o Himno Nacional Galego, e dese- guida pasouse escollida música folklórica en todo o decurso do xantar.

Aos postres, o señor Antón Alonso Pérez, presidente da Comisión organizadora do homaxe, pronunciou un afervorado discurso encol da relevante personalidade do homaxeado e, ao finar no uso da verba o señor Alonso Pérez, fíxolle entrega a don Manoel Puente, en nome da Co-

Grandeiro Xantar Real das Sociedades Galegas en H

misión Organizadora, dun artístico pergameu, obra do pintor



O Sr. Alonso Pérez, presidente da comisión organizadora do banquete, pronunciando o discurso en honor do agasallado

galego, Luis Seoane.

Axiña, o señor Alfredo Somoza, deputado galego e membro do Consello de Galiza, residente en Montevideo, fixo uso da verba pronunciando un patriótico discurso que insertamos en lugar aparte desta publicación.

Profundamente emocionado, ergueuse o señor Manoel Puente, quen con verbas acesas, que aparte publicamos, agradeceu o homaxe de que se lle facía ouxeto, sendo moi aprausado pol-o numeroso público asistente, dándose con esto por fin- dado o mañífico i emocional aito que se celebrou para honrar a un meritorio galego.

semellante tarefa. Paró, doadamen- te, o señor deputado e Conselleiro Alfredo Somoza, que ven eispresá- mente invitado do Uruguai por esta C. d'Homaxe, quen, coa súa verbá galana, porá no voso coñecimento a mañífica situación de tan grande patriota galego.

Pro eu, que tamén aítuei en al- gung intres acarón de don Manoel Puente, podo atestiguar, que cando a témera, longa e moura noite en que a treición insumeu a nosa Pa- tria na desesperación e fixo nau-



O diputado A. Somoza ofrecendo o homaxe no nome do Consello de Galiza

Discurso do Sr. Antón A. Pérez

No intre de servirse o café, e presidente da C. d'Homaxe señor Antón Alonso Pérez, ofrecéulle o ho- maxe ao señor Manuel Puente, pronunciando as seguintes verbas:

Donas e señores: Denantes, un saúdo cordial e fraterno pra todos, no nome da Comisión d'homaxe, e o agradecimen- te máis sincero, pola vosa presenza neste aito; saúdo que fago, co pensa- mento posto na nosa querida patria Galiza, dende esta gran nación ar- xentina onde froitifican as nosas máis doadas esperanzas acarón do respecto máis fondo polas súas leis e dispo- sicións; saúdo que fago tamén, co pensamento posto, na memoria do grande guieiro qu', desaparecido foi pouco tempo, vice e vivirá decote no noso corazón. ¡Saúde pois, irmáns, co pensamento posto en Galiza i en Cas- telao!

Oxe — continuou dicindo o señor Alonso Pérez — é un grande día pra coleitividade galega de Bós Aires.

Reunímonos ao redor destes bran- cos mantéis co testemuño do noso agradecemento do noso respecto, e gratitudade a un patriota galego: don Manoel Puente home de ben, de gran corazón; traballador incansable e vontade férrea, a prol dos nosos ideais patrióticos e democráticos.

Xuntábamnos neste casal galego, froito d'esforzos nobres e xenerosos,

i en verdade que ningún marco máis axeitado pra este grande aito de ga- legitude que esta súa, presidida de cete polos dous atributos simbólicos da nosa patria galega: a bandeira que orla este escenario e o escudo.

Atopámonos oxe eíquí, os galegos, na fraterna campaña dos difícs repre- sentantes das coleitividades Basca e Catalana; Centro Republicano Es- pañol de Bós Aires; delegados do Goberno Republicán Español, de Ca- taluña i Euzkadi; delegacións d'en- tidades galegas de Uruguai, Rosario, Mendoza etc. porque todos a unha, desexamos demostrarlle a D. Manoel Puente, coa nosa presenza, a nosa admiración pola súa extraordinaria labourea a prol da cultura e do rexur- dimento da personalidade galega e da reivindicación da terra que o veu nacer.

E por elo — continuou o señor Alonso Pérez — que os homes que compoñen a Comisión d'Homaxe, temos a fonda satisfacción, de de- mostrarlle ao noso benquerido ho- maxeado, que a coleitividade galega, decote agradecida está eíquí a súa veira, e con ela, os nosos irmáns eu arelas patrióticas, baskos e ca- taláns e todo aquel que sinte xemo- lar en si os nobres sentimentos de liberdade democracia e republicanis- mo.

Este aito, non é sómentes unha

demonstración a un home, é tamén, un aito patriótico, e temos a es- pranza, que deíquí, súa o noso senti- mento galego máis fortalecido que nunca, pra poder loitar máis afiuzadamente pol-a liberdade do noso povo escravizado.

Temos que xuntarnos máis e máis. Temos que orgaizar a nosa loita nacional de xeito que abra- nce as máis distintas facetas, dende a espiritual até a material, ineruindo a parte financeira. ao xeito do que fixeron os irlandeses de Noste, Amé- rica que os levou a conquistar a independencia da súa Patria.

Temos de facer un xeito d'enten- demento sagro, idela que xa s'es- puxo noutro aito e que o señor Se- gretario do Consello de Galiza re- colleu, o que debidamente estuda- do, axiña se porá en marcha a prol das distintas ramas do Consello de Galiza.

Máis nós, os galegos, debemos aprestarnos, pra contribuir co noso esforzo, coa nosa vontade, a reali- zación desa campaña que no intre oportuno xa se espofá no que há de consistir. E facendo asin, cumprire- mos doadamente cos nosos senti- mentos e obrigas, acarón da nosa Patria.

Da labourea patriótica realizada por don Manoel Puente — conti- nuou dicindo o señor Antón Alonso Pérez — non son eu o indicado pra

Discu Diputado

Señor D. Manuel Puente Representantes d'outras terras ibéricas: Irmáns na Terra Señores e señores:

Atendendo a amabel invitación que nos fixo a Comisión Organizadora o Consello de Galiza, pol-a voz d'un dos seus membros, quer faguer ouvir a súa sincera e fervorosa adesión a esta festa que os galegos da Arxen- tina fan en honaxe do noso bon ir- mán D. Manuel Puente. E cadroume ser a min quen teña de cumprir con esta obriga, que si ten moito de gra-

Adesións

CARTAS

- Mannel Blasco Garzón
- Constantino del Escla
- G. Bazterrechea
- Eduardo Blanco Amo
- Vicente Abarrategui
- Ricardo Martínez Redondo
- Román Rodríguez Martínez
- Manuel Silva
- F. y S. Pena Silva
- José Barreiro
- S. Tiffenberg
- Centro Galego de Bs. Aires
- Federación de Soc. Galegas
- Centro Lucense
- Centro Ourenán
- Centro Corniñés
- Centro Pontevedrés
- Centro Betanzos
- A. B. C. de Corcublón
- Centro Galego de Avellaneda
- Agrupación "Galicia"
- Agrupación "Celta"
- Agrupación "A Terra"
- Euzco Deya
- Euzkadi Libre
- Casa de Galicia de Montevideo
- Irmandade Galeguista, do Uruguai
- Irmandade Galega, de Bs. As
- C. Orensano, de Montevideo
- Consell de la Comunitat Catalana
- Casal de Cataluña
- Centro Republicano Español
- Fed. de Soc. Dem. Españolas
- Cámara Com. Rep. Españoles
- Filios do P. de Lalin
- Filios de Silleda
- Soc. P. Unida de Rianxo
- Soc. Nogueira de Ramuín

Calificada

representación de Montevideo

Os nosos irmáns do Uru- guai fixéronse representar no banquete a D. Manoel Puente por unha delegación composta por vellos amigos nosos, patriotas exemprares

A Casa de Galicia repre- sentárona o seu presidente López Maseda, persoa merito- ria de vella aituación na co- leitividade da outra banda, galego dos "bós e xenerosos", que consagrou gran parte da súa vida a enaltecer o nome de Galiza. Acompañou ao benquerido irmán López Ma- seda o distinguido facultati- vo Dr. Rosembart, integran- te do corpo médico do gran sanatorio d-aquea entidade.

A Irmandade Galega do Uruguai estivo representada por D. Xesús Canabal, vello e coñecido galeguista, de cuia xenerosidade e bonhomía po- demos dar fe os irmáns de Bós Aires.



CABECEIRA DA MESA: A dereita do homaxeado vense o Sr. Alonso Ríos, o Sr. Vázquez Iglesias, o deputado A. Somoza, o Sr. López Maseda, presidente da Casa de Galicia de Montevideo, o Dr. Rey Baltar, o Dr. Rosembart, e outros representantes. A esquerda: O Sr. Alonso Pérez, o Sr. Gerardo Díaz, a filla do homaxeado, o deputado Elpidio Villaverde e outros representantes

Homaxe a Don Manoel Puente

Realizado na Federación de Honra do Xeneroso Patricio

fragar as nosas máis caras esperanzas de redención republicana e de liberdade, Don Manoel Puente, dende o chao, primeiro, e dende a flamante Cámara de Comerciantes Republicanos depóis, loitou varilmente, sin vacilacións, con firmeza exemplar.

E así, como pouco tempo despois en mérito a súa capacidade e fondo senso democrático, foi nos doado ollallo en primeira fila, a veira de Ossorio y Gallardo, Blasco Garzón, Barcia, Miaja, Monge, e outros conspicuos republicáns, prodecote co pensamento e o corazón posto en Galiza; porque, enxerguia como nós, que non podía haber autonomía de Galiza, sen liberdade e República no povo hispanol. Mais caíndo verdadeiramente s'amostrou o temple de Don Manoel, foi no intre, en que xa derrotada a República, entregouse de cheo, a acción en pro de Galiza e o seu rexurdimento nacional, e aí o temos, como presidente da C. de Facenda do Consello de Galiza, e presidente da Irmandade Galiga, pondo todo o empeño e abnegación en acompañar na súa magnífica labouira patriótica cultural e política ao noso gran Castelao.

E ademais, home de gran señorío, sin perder por elo a sinxeleza (Continúa na pág. 7)

Discurso do Sr. Somoza

ta, ten tamén o seu de inquedante pol-a responsabilidade que leva aparelada, xa que me decato de que me atopo diante de unha moitidume dos galegos que forman a Galiza ideal, a que nos o Consello representa e que son complemento da outra Galiza da Galiza física, biolóxica, material i-humán que, aló na Terra Nai, sofre a longa barbarie dunha tiranía que a ten agrillada e fumenta de liberdade e de pan. Galiza dá que o Consello e a máis outa representación, pois é depositario da vontade que expresou

Recibidas

Filios de Entenza
Filios do P. de Padrón
Centro de Salceda
Centro Barbanza
Centro Ayto. Guitiriz
Soc. U. Progresista de Salvaterra
Soc. Residentes de Portas
Filios do Ayto. de Brión
Soc. U. R. de Carbia
Soc. do P. de Lalín
Soc. Pereiro de Aguiar
Soc. de Saviñao e S. C.
"Unión", de Teo e Vedra
S. Pro Escolas en Bandeira
Asoc. de Rivadumia
C. Villamarín - Perojano

TELEGRAMAS

Ramón Otero Pedrayo
Academia Galega
Manuel Irujo (Londres)
Irmandade Galega, de Montevideo
Irmandade Galega, de Rosario
Irmandade Galega, de Mendoza
Picallo, Vidal, Garrido, Prada (Chile)
Doctor Prado
Crestar, Leiras, Meilán, Couceiro, Bello, Pita, Cantero, Fuentes, Sescelle, Valiño (de Montevideo).
Alfredo Somoza
Cao Túrnes
Rodríguez Benegas
Carú
Esposos Parrabere Lerna
Enrique Formica

na súa derradeira e libre expresión. Representación que nos foi confiada e que mantemos con orgullo e con dignidade, cuia investidura non perlemos como se non perde a propiedade dunha cousa por que un ladrón no la roube, e que conservamos como un depósito sagro pra llo devolver ao noso povo cando este seia dono de si.

E pois no nome deste Consello, quere decir no da Galiza que alá nos agarda, no de quen m'ergo eu sin medo a ser repuchado, pra faguer chegar a nosa quente e fraterna emboira a este home sinxelo, bó e cordial, galego exemplar, que se chama D. Manoel Puente, do que non vou a faguer unha semblanza persoal, pois acabades de a escoitar nas verbas xustas, e magnificamente ditas, que lle adicou o señor Presidente da Comisión D. Antonio Alonso Pérez; pero a quen queremos lle rendir a xusticia da nosa máis fonda e duradeira gra-

titude, que Galiza, no seu día, saberá pagarlle, pois o noso povo coñece a práctica do agradecemento pra os que o aman e lle fan ben.



D. Manoel Puente agradecendo o homaxe

Discurso de Don M. Puente

Señores membros do Consello de Galiza; Señor Delegado do Goberno Republicano Español; Señores representantes dos Gobernos Vasco e Catalán; Donas; Señores; e meus queridos irmáns que, como eu, sentides os anxeios de Galiza:

Quixera atoparme libre da fonda emoción que me embarga pra que xurdiran pol-a miña boca todol-os meus sentimentos, todo o que eu desexaría decir neste día.

Parlame falla a verba sabia, erara e firme do noso gran Castelao, ou o torrente de sabiduría do noso tamén benquerido Don Ramón Otero Pedraio, quen estou seguro que me acompañan nesta intre co seu recordo amigo; pero, a falla destas facultades, acompañame o espírito de Castelao, que está en todas as manifestacións galeguistas, e sinto que me dí, como él o facía: "Don Manoel, pra falar, nada de papeles; non se precisa máis que pór o corazón, por diante, e deixar que él fale".

E ben, con estos recordos e o corazón como escudo, empezo agradecendo ao Consello de Galiza pol-a idea de faguerme este homaxe, e á Comisión Organizadora pol-o intrínseco e cariño que puxo en congregar toda a coledividade galega eiquí representada nesta demostración de afeito que inmerecidamente me ofrecen.

A verbas do meu querido amigo Don Antonio Alonso Pérez, son o froito do seu amor á nosa inmortente Patria galega, máis que aos meus merecementos, e emocionáronme, non solo porque foron ditas no nome da Comisión Organizadora deste aito, sinon

no nome da Coledividade galega.

Tamén hai exceso de bondade no elocuentísimo discurso que nos brindou este grande galego, meu querido amigo e irmán, deputado Alfredo Somoza, membro destacado do Consello de Galiza, residente en Uruguay, home que durante 11 anos sofreu o martirio da persecución do franquismo. Pra él e tamén pra os outros doas membros do Consello que me acompañan neste aito: Diputado Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, que tamén sufriron persecución e tiveron que emprender os duros vieiros do exilio, pra eles tres, a miña máis afervoadada devoción e, pra eles, pidovos a vosa adhesión patriótica espresada no voso aprauso.

SENTIMENTO GALEGUISTA

Denantes de continuar, quero significar que, me alegra que esta reunión se estea celebrando eiquí, presidida pol-o escudo de Galiza, neste salón da Federación de Sociedades Galegas, entidade forxadora de concencias democráticas dos emigrados que, como eu, iniciáronse nas sociedades federadas.

Eu ben sei que é o sentimento galeguista o que moveu á coledividade pra este aito, porque, si valorades de esta maneira o pouco que eu fixen pol-a nosa Patria, é porque, en realidade, os vossos sentimentos o superan.

Aceptei este homaxe, apesar da resistencia do meu espírito pouco dado a estas manifestacións, e atópome profundamente satisfeito, porque elo danos ocasión de comprobar cómo a

Eu estou certo ao faguer esta manifestación, que xunto a fervorosa adhesión de cantos me escoitades, á de cantos alá, na terra nai, non me escoitan, pero me sinten. E tamén o mandato sin palabras da sombra amada do mestre Castelao que dendesd'o Alem sigue tendéndonos o manto protector que a todos nos acobilla, quen, ollándonos con aquel seu sorriso agrarimoso, fraterno, áchase ledo, compracido e contento de nos ver seguindo a súa obra comenzada, que cada un de nós ten de axudar a compretar co esforzo que as nosas facultades nos deixen e co entusiasmo patriótico que alenta en todol-os bós fillos de Galiza, o que fará que a sombra do Guieiro retorne ao seu descanso satisfecito do traballo dos seus irmáns.

O DEBER DA HORA ATUAL

Qu'este é o deber nesta hora decisiva, desta hora, na que os galegos, "bós e xenerosos", andamos na fátima inxente de erguel-o espírito dos fillos da nosa Terra, de impor que a ésta se lle faga a xusticia, debida de séculos, de lle restituir os dereitos de povo que lle feron roubades; de faguer dela unha patria fe-

(Continúa na pág. 6)

coledividade galega vai comprendendo a responsabilidade que os emigrados temos pra nosa Patria.

Non creo ter feito nada que mereza este agasallo. O pouco que fixen decia agora e o que faga no porvir, considéroo unha obriga, e está amplamente compensado coa satisfacción que sinto de contribuir co meu gran de arca á propagación da cultura galega e á defensa dos nosos dereitos nacionais. Este é un sentimento tan fondamente arraigado en min que, cando podo facer algo útil á nosa causa, sinto tanta felicidade como nunca a sentin co emprego de bens materiais. Elo fai que cada día me sinta máis xunguido ao mestre que foi o meu iniciador e guía. A él: a Alfonso Rodríguez Castelao, é a quen eu transmito este afervamento que me espresades en este aito, porque Castelao é a esencia mesma de Galiza que ven iluminar a miña conciencia, como a conciencia de vosoutros todos. Co seu maxisterio, encanizou e canalizou os nosos sentimentos de galeguidade, nun senso patriótico, e fíxonos entender o que tiñamos por intuición; fixo que o que estaba na nosa alma como paisaxe, como poesía, como saudade, fora guiado cara a política da nacionalidade galega.

CASTELAO, MESTRE DA GALEG

GUIDADE

A limpeza de procederes, a súa austeridade, a súa firmidume ideolóxica, fixeron de Castelao un apóstolo de Galiza entre os emigrados, traéndonos un novo evauxeo de amor e da diñi-

dade, falándonos limpa e honradamente na nosa lingua galega, dos nosos dereitos nacionais; e, agora, sentimos que temos unha Patria e o orgulo de ser galegos, sin reñores agresivos pra ningúen. Sigamos na senda patriótica marcada por él. Non nos paremos nin en discusións inuteis nin en ambicións persoais. Marquemos esta época de aparición de Castelao como decisiva pra os ideais que todo o povo galego debe alimentar cara á liberdade da súa Patria.

Castelao é a combinación de unha grande cultura, con unha exquisita sensibilidade humana, ferido pol-as inxusticias sufridas por Galiza durante cinco séculos. A súa obra toda, os seus dibuxos, as súas prédicas, a súa literatura, está encanizada a por de manifesto taes inxusticias, e dar ao povo o verdadeiro sentido do seu deber.

Como admirador da súa obra, non é estrano que o meu amor patriótico espertara e considere oxe, non unha virtude, senon un deber de galego, contribuir co meu aporte á difusión da cultura da miña Patria, na seguranza de que, con elo deu a maior satisfacción ao espírito sempre vivo de Castelao; pero o que teño comenzado, e o que seguirei facendo no transcurso da miña vida, non é máis que unha mínima parte do moito que se debe facer. As institucións reitoras da coledividade xa están pol-o bós camiño. Agardamos que á marcha emprendida vaiun chegando novos colaboradores, xa que as grandes obras sementes poden lograrse pol-o esforzo de todos. Fagamos como os homes da antiga Grecia, que se facían a si mesmos o xuramento de deixar unha patria máis grande da que atoparon ao nacer.

(Continúa na pág. 6)

CABECEIRA DA MESA

A dereita do agasallado tomaron asento, o presidente da C. de H., don Antón Alonso Pérez, e a súa esquerda, o segredario do Consello de Galiza, don Antón Alonso Ríos.

Despois á dereita e esquerda, seguían: os señores Vázquez Iglesias, presidente do Centro Galego; Xerardo M. Díaz, segredario da Federación de Sociedades Galegas; Heras Martín, presidente do Centro Republicano Español e a súa dona; Alfredo Somoza, deputado galego e representante do Consello de Galiza en Montevideo; Martínez Redondo, presidente da Fed. de Sociedades Democráticas Españolas; Rosita Puente, xoven filla do ousequiado, e a quen o presidente da Comisión l'entregou un fermoso ramallo de rosas antre os gasalleiros aprausos dos concurrentes; López Maseda, presidente da Casa de Galiza de Montevideo; Xosé Canabal, distinto dirixente da coledividade galega do Uruguay; o ilustre catedrático e home público, doutor Augusto Barcia; deputado galego, Elpidio Vilaverde, doutor Rey Baltar, Xesús Alonso Lago, Pedro Campos Couceiro, Xosé Insúa, Fernández Prol, A. Díaz, Cándido Rey e García Anceráns, presidentes respectivamente dos Centros: Lucease, Ourensán, Coruñés, Pontevedrés e Irmandade Galega; representantes dos Gobernos d'Euzkadi e Cataluña; representantes da prensa e outros.



Vista parcial do xantar

Discurso do Diputado A. Somoza

(Ven da pág. Central)

(Ven da pág. Central)
 Mr. exemplo de outras terras, na que non seia unha necesidade obrigada fuxir de casa nativo pra se librar das penas da ignorancia e da miseria, que pesa sobre os seus fillos, como unha paulina. É pra que cando algún deixe os nativos eidos levado da alma viaxeira que levamos dentro, e vaia polo mundo en procura do que cobize, que esa é leve o bagaxe dunha preparación que lle faga mais doado o tránsito.

Este é o deber desta hora; traballar, servir a Galiza dende onde calisquer lugar en que nos atopemos no mundo, e calisqueras que seian os afáns que a vida cotidiana nos reclama, pois todos os esforzos son necesarios pra rescatar a Patria; e todos xuntos, é certo que o lograremos. Uns servíndonos desinteresadamente coas galegas da súa pruma e da súa palabra; outros levando por onde quer que foran, as doutrinas das doutrinas de liberación; aqueles prestándolle a pleitesía do seu arte na pintura, na escultura e na música; estes ofrecéndolle o seu diñeiro, que xunto co entusiasmo patriótico, facerán compo o traballo, e segura e boa, a anada.

Lémbrome que nas longas soedades padecidas nos once anos o medio que estiven sufrindo, hora a hora, as inquietudes de cada minuto, agardando a liberación que non acababa de chegar, tiña anos de tempo en que o ánimo se serenaba deixando de pensar nos ríscos que me agoraban fora das miñas casas-prisións. D'aquela dába-me a pensar no que teríamos de faguer na nosa Galiza cautos tiñamos saído á vida política pra servila, ou cautos sin autuar directamente nela tiñan o mesmo pensamento. E coitaba eu que unha das máis urxentes labores era a de lle repórter, coa súa liberdade, todas as obras de cultura caebre que a vesania i-o odio que os novos vándalos lle teñen á intelixencia, tiña desfeito quemando nas prazas públicas mores de libros, faguendo con eles novos autos de fé con todo o que servise pra alumear os cerebros cas luces do saber. E' decir pretendendo matar canto poidese levar as xentes o coñecimento do pasado i-as inquietudes, do porvir. Esquecían por ignorancia que ao aventalar cinzas onde coitaban queimar o pensamento galego non iban máis qu'as muxicas do papel queimado.

Poilas outas ideas, os sagros pensamentos, ninguén pode cingulos, ninguén pode coutalos, nin Deus mesmo.

A LIBERACION DE GALIZA

Chegou o día degorado. Chegou miña liberación pero non a de Galiza. Salín da Patria cara ás terras libres da Francia, e d'alí ás máis libres do Uruguai. Foi nesta da acollidora Arxentina onde había de atopar un fato de homes patriotas, que con acertada visión do noso futuro, e levados do seu fondo amor á Terra, prestaban a valiosa axuda do seu diñeiro pra erguer de novo as murallas que han de defendel-o noso ser galego. Murallas das que o primeiro bastión é o PATRONATO DA CULTURA GALEGA, que ergueu a munificencia, a esplendidez mañífica, o co-

razón xeneroso do noso D. Manoel Puente, cujo xesto de novo Mecenas estou certo que haberá de ser seguido por moitos dos galegos residentes nesta rica terra argentina, que continuarán o ronsel desta labourea de protección i-axuda á nosa cultura pra poñer no máis outo cume o sagro nome de Galiza.

Que é por este camiño, polo do desenrolo i-erguimento da nosa cultura autótona, pol-a que teño de afirmar a liberación da nosa Patria Galega, levando a todos os currunchos dela as armas invulnerables do saber, dándolle a coñecer as nosas xentes polo libro, polo panfleto, polo-a radio, e de cantos xeitos poidamos, nosa historia que iñoran, nosa literatura que descoñecen, nosa arte que non viron, nosa pintura, nosa escultura, nosa música i-os nosos valores espirituais todos, que o povo non goza porque os enemigos da Galegidade, cando non os nega, ocultaos ás miradas i-o coñecimento dos fillos da vella Suevia por que saben ben a forza que ten o qu'eles ocultan e nosoutros imos dar a luz.

Con ese bagaxe de armas inofensivas, pero de forza inxente, daremoslle ao noso povo aquilo que sirva pra que o seu sempre latecante sentimento d'amor á Terra se troque na conciencia colectiva que lle faga sentir dono de al, orgulloso da súa orixen e invencible soldado da súa fala, tesouro invaluable que nos dou nou a nai Natureza pra nos mostrar diante dos alleos como fillos dunha terra distinta ás demais, como unha nacionalidade que é con todos os atributos que as definen, que nin a máis rexa envexa logrou desfacer, e que nosoutros temos a obriga de lle levar máis rica a quen nos sucedan.

FERMOSA LABOURA

¡Qué grande laboura! ¡E qué grande satisfacción deben de sentir cantos seian capaces de axudar a esta obra! ¡Qué gran ledicia íntima terán os que o fagan ao se dar conta de qu'están practicando a verdadeira filantropía: a de se dar enteiros un pra todos, ese xesto armonioso da i-alma que se verte nos demais i-estende a todos seus benéficos colectivos; o diñeiro que se dá coa honestidade nada da propia conciencia e coa bondade que mana do noso corazón! ¡Qué

gran placer o da práctica da máis outa das virtudes: a de faguel-o ben, faguéndoos, ademais, non do xeito da caridade particular, que casi sempre se non sabe a onde vai paral-o esforzo; nin donando un edificio que, ás veces, o Estado destina a mesteres que bulran a vontade do donante; nin cando no pior dos casos, por non dal-os cartos a tempo, van ás caixas para aparecer combinados nas follas de rédito o que foi produto de intelixencia do traballo.

¡Qué gran ledicia a de practical-o ben adicando os nosos cartos a faguer que os nosos fillos, os nosos netos, cantos veñan despois de nós e no sucedan no tempo e na vida, teñan aquelas armas que nosoutros non tivemos, as armas do saber, que servirán pra furar a iñorancia en que se ten a Galicia e pra erquel-o noso povo alumado polo-o feito da galegidade! ¡Qué contento se debe quedar o despois de cumprir esta axuda que, ademais da satisfacción do deber cumprido que nos dá azos pra seguir nosas loitas, facerá que o noso nome teña un momento máis permanente que os feitos con mármore ou con bronce, pois estará erguido onde é mais duradeiro: no corazón do povo, quen lembrará e bendicirá de cote os vosos nomes ao ler nos libros que axudamos a editar, cun lembranza pasa dunha xeneración a outra! Mecenas perdura no noso recordo pol-as axudas que prestou ao saber en tempos idos. A sonda dos Médicis, do Lourenzo o Mañífico, vai asociado ao do Miguel Anxelo, o xonio da Capela Sistina. E do Conde de Lemus sabemos cada data porque o seu nome vive no Quixote e nas Novelas Exemplares. I-en col de todo: nosoutros, os galegos, sentiremos orgullo de nosoutros mesmos, o orgullo de nos sentir fillos da Terra Nai e de lle donar aquilo que ha de servir pra faguela libre.

VERBAS NECESARIAS

Meus irmáns: Esta é unha festa de paz e d'amor aparelhada ao nome dun dos nosos destacados irmáns. Eu me decato de que eiquí debéra poñer fin a estas verbas. Pero si me deixades vos cansar un pouco máis, aproveitaría a ocasión pra decir unhas poucas que non s'atopan fora de lu-

RENACIMIENTO DE GALIZA

Estamos asistindo ao renacemento de Galiza. Galiza está xurdindo do mesmo cerne da súa esencia en todos os ordes da vida e do espírito. A pesar da enorme traxedia que está sufrindo, Galiza está atopándose no seu propio camiño universal donde vai camiñando firme e triunfalmente.

O Patronato da Cultura Galega fíxose pra axudar a engrandecer a nosa Terra en canto ten de fermoso, de humano, de espiritual; pra enaltecer todo canto é auténticamente galego, esencialmente galego, e dar azos a todos cantos traballa en ben destas cousas tan amadas por nós.

Pero, ademais do desenrolo da cultura, bulen tamén nos nosos peitos os outros anxeos que ferían a Castela, que xunto coa defensa da cultura de Galiza foi o predicador máis eficaz dos dereitos políticos da nosa Patria e o máis grande sostém dos seus ideais. Polo tanto, o senso da nosa preocupación cultural está dirixido, non tan

gar Coa vosa licencia vouna a decir.

Temos dito xa a necesidade imperiosa de traballar arreo, sin folgos, a marchas forzadas neste rexurdir da nosa Galiza. As forzas maldizoadas que apoubigan, sintente inqueadas. O castelo seu comenza a se abalar, con gran sorpresa dos que o coitaban incommovible. Esquecían que se asentaba arriba de montóns de ocos de irmáns nosos, que o tempo trocou en cinzas, que grao a grao levadas pol-os milleiros de formigas que sinten fonda e inquecible xenteira polo-o dono do castelo e por seus compañeiros nunha labora sin folgos, darán en terra co castelo do Usurpador.

É por esto que compre se dispoñer pra o traballo, que terá de ser ordeado e metódico pra que renda os froitos que del agardamos. É tamén por esto que se fai obrigado fixar a posición da galegidade pra o momento que se produza a caída da Tiranía. Andan por ahí ceibadas a eito pra ver si prenden nas xentes sinxelas, indicacións que levan o propósito de se antepoñer aos acontecementos trazando plans de futuro que pesen no ánimo e influir nas decisións (Continúa na pág. 7)

soio á divulgación dos grandes valores espirituais, senon tamén á recuperación da nacionalidade galega, cos seus dereitos políticos a rexirse por si mesma.

REPUBLICA FEDERAL

Nós non estamos buscando a separación cos outros povos da Hespanya; ao contrario, o que desexamos é unha Hespanya máis grande, máis próspera e máis feliz. E unha Federación republicán de povos que se respeten mutuamente, cos mesmos dereitos e deberes. Tampouco necesitamos arañar no abismo actual da política do mundo. Os dereitos de Galiza non se poden confundir coas teorías que andan polo-o universo; o noso problema é craro e sagrado: somos un povo diferenciado, con idioma propio, a súa cultura e a súa historia e con suficientes recursos económicos pra bastarse a si mesmo e, polo tanto, o exercicio dos seus dereitos sagrados, Galiza quere ser gobernada por corazóns e cerebros galegos.

Os anxeos de liberdade e independencia política do povo galego, son os mais antigos da península, como está ben probado na historia, e frente á presión que sofre o povo peninsular e a falta de liberdade pra expresar os seus anxeos, a responsabilidade dos emigrados é cada día máis grande; por elo, nós, os galeguistas, non nos cansamos de chamar, un día e outro ás conciencia dos que teñen responsabilidade pra entendernos e de seguir na roita sinalada por Castela co fraternal entendimento cos outros povos que loitan polo-os mesmos dereitos que nós; refírome aos nosos irmáns Vascos e Cataláns que, como nós, desexan que unha República Federal sexa o comenzo de unha nova Hespanya.

UNHA CONFIDENCIA

E agora vou a facer unha confianza: ¡Sabedes cal foi a primeira impresión que tiven cando empecé a comprender o noso problema? Pos foi encherme de vergonza por non saber falar galego. Non-o sabía falar, porque estou aquí desde os 15 anos, e cinco anos antes estiven na provincia da Cruña, en un comercio onde me obrigaban a falar somentes en castelán, moda imposta por unha invasión de comerciantes chegados de certa rexión de Castela. Dende estoncea, boteime a aprender o noso idioma, e aunque non pretendo sabelo falar, e aínda menos escribilo, sigo aprendendo, e cada día estou máis entusiasmado co a riqueza e dulzura da nosa lingua.

UNION GALEGA

Por último, en este gran día primin, e como o maior homaxe a que aspiro, desexo que nos unamos todos como única maneira de defender os nosos ideais, depoñendo calquera diferencia, ou egoísmo persoal, en arda da nosa Patria. Achegémonos en verdadeira irmandade, uns a outros apertemos as nosas fías arredor do Consello de Galiza que é quen nos representa a todos, como autoridade máisima do povo galego.

SAUDO E AGRADECIMENTO

Pra rematar, desexo testificar nesta hora, meus respetos á máis xenuína representante da muller galega na América, a que pol-a súa abnegación a súa tenura, os seus nobres sentimentos e a súa intelixencia, é un craro expoñente das virtudes das nosas mulleres. Refírome a Doña Virxínia Pereira, Viuda de Castela. Tamén, meu agradecemento aos irmáns que pra asistir a esta xuntanza de galegidade viñeron de Montevideo, de Mendoza e de Rosario, representando a entidade; ou en carácter persoal, me fixeron o grandísimo honore de me acompañar neste día. Pra eles, e para todos os que estades eiquí, meu sentido agradecemento.

E o meu último desexo é que todos sexamos dinnos de Castela e de Galiza.

Sñificación dun Banquete

por

VICENTE BARROS

A coleitividade galega de Bós Aires agasallou cun banquete a un home que, sin facer barullo, posibilitou realizacións de primordial intrín para o desenrolo da nosa cultura.

Este homaxe a Don Manoel Puente ten unha sñificación especialísima: Pon en evidencia a sensibilidade da nosa coleitividade para percibir con xustiza os xestos e aicións que teñen por finalidade e recuperación da personalidade nacional de Galiza.

No salón da Federación de Sociedades Galegas, non se agasallou ao home de negocios, nin

ao amigo, tampouco ao líder de ningún partido; os galegos, sin distinción de partidos, homes de todas as ideoloxías, testemuñaron a Don Manoel Puente a súa gratitude.

A unanimidade con que a coleitividade galega reconeceu a importancia da xenerosa apertación dun dos seus homes apról da cultura nacional galega, é sinal indubitable de que eiquí, nesta cidade arxentina, os galegos, temos unha sensibilidade patriótica que nos capacita para levar adiante labores d'efectiva utilidade galeguista.

Pra isto, para que o noso patriotismo se concrete en realizacións eficaces, é mester que nos mantexamos avencellados polo-o sentimento de galegidade, non permitindo que co gallo de diferenzas ideolóxicas ou políticas, sexa interferida a mancomunidade dos arelamentos de recuperación nacional galega, que cada día, con máis pulos, eisteriorizan as xentes da nosa coleitividade.

Os galegos afincados na Arxentina podemos chegar a conseguir axudas de trascendencia no orde internacional.

Vivimos nun país que, no concepto dos povos libres, acrecenta decote o seu prestixio; a súa tradición pacifista e d'independencia fronte a todos os imperialismos, dónalle autoridade

a este país, de curta pro limpa historia, pra que o seu apoio moral teña trascendencia no orde mundial.

A Arxentina acolleunos confiada; nela fixemos o noso fogar milleiros de galegos e démoslle a esta terra, nos nosos fillos, cidadáns arxentinos cen por cen.

Por elo, porque sabemos ser leais, e porque temos fé na Nación que é a patria dos nosos fillos, temos a esperanza de que, chegado o intre, este país sexa pra nós o que, en parellas circunstancias, foi pra Irlanda o povo e o goberno da nación norteamericán.

Múltiples son os vieiros polos-cuais as nosas labores patrióticas poden ser desenroladas. Temos de facernos unha obriga, conquistar a comprensión e a simpatía do povo arxentino. Temos que concretar en realizacións efectivas o noso patriotismo. A aición de Don Manoel Puente, o seu modo de facer, terá d'oxe en diante, ser exemplo pra os que queiran servir con eficiencia á Terra galega.

O que honra á súa Patria hórrase a si mesmo. O galego que traballa pol-a grandeza da súa Terra, non somentes cumpre co seu deber de bó fillo, senon que labourea pol-a súa propia grandeza. Canto meirande sexa a súa nación meirande será o respeito que por él sintan os alleos.

Carta do Centro Galego

Bós Aires, 28 de Maio de 1951.

Señor Presidente da Comisión Organizadora do Homaxe a D. Manoel Puente, D. Antón Alonso Pérez — Rúa Belgrano 2186 — CIBDADE.

Da miña maior consideración:

No nome da Xunta Directiva da miña presidencia, e no meu propio, teño a satisfacción de dirixirme a vostede, e polo-o seu diño intermedio a toda esa Comisión Organizadora, co obxecto de facerlles presente a máis completa solidariedade d'Este Centro, ao homaxe que se vai reaizar ao xeneroso e filantropico home galego, honra da nosa Terra, D. Manoel Puente.

Ao poñerlles de releve esta cordial adhesión, aproveite a oportunidade pra brindarlles as seguranzas da miña distinta consideración e máis outa estimanza.

PEDRO F. PRADO
Secretario

JAVIER V. IGLESIAS
Presidente

Do Homaxe a D. Manoel Puente

DISCURSO DO DIPUTADO A. SOMOZA

(Ven da páx. 6)

temos pol-os povos hispánicos. Indicacións que non será cousa de as tomar en conta se non estivesen dadas á publicidade por persoas de responsabilidade nos campos republicáns.

Unha destas outas personalidades invitáanos aos exilados a cumprir o que a chama un dobre deber: o da axuda ao movemento do interior da Península — nosoutros xa o vimos facendo — i-o de dar por disoltos todol-os órganos institucionales creados ou reorganizádos no desterro. Pidésemos tamén que labouremos pol-a pacificación e reconciliación da Hispania. Pol-a nosa parte, é o que fai tempo predicamos e vimos practicando. Por eso podemos decir agora: reconciliación, si. Perdón pra chegar a ela, si. Pero esquecemento do pasado, non. Seamos sinceros con nosoutros mesmos: ¿E que pra disgracia nosa non aconteceu nada denades de ano 1936? ¿E que tan doadamente se que re esquecer o que ali pasou? ¿Pero é que pode quedar impune tanto crime, tanta ruína, tanta miseria e tanto baldón. ¿Pero é posible que queiramos tornar ás andadas, deixando que o enemigo secular da liberdade, a reacción de todol-os tempos, prevalecendo-se da nosa bondade, da nosa pasividade da nosa inveterada e suicida parvada, volva cansa de sangue, ás súas coxas pra tomar folgas e tornar de novo a nos combater con saña de feras i-a nos asesinar no nome dos seus ideás, que nosoutros, estamos obrigados a respetar no nome dos nosos?

Por eso é noso deber declarar: Reconciliación si, con dúas condicións: a primeira, SINE QUA NON, a de que se vaian o Usurpador i-a súa saterva, pois con él e con ela non queremos tratos nin contatos por razóns de profundis social. De mesmo xeito que nos illamos dun apestado que espantase a peste, queremos illar deste monstro que por ende quer que vai leva con él o virus de odio, de traición e do crime. Non co Usurpador, nin falar. É unha cuestión de incompatibilidade, como son as gansoas de ben incompatibles cos herveros i-os asesinos. I-o usurpador é-os seus pándigos teñen moitos enriba das súas conciencia.

La segunda condición, segunda no orde da emperación, é a de xusticia que é indispensable faguer pra que a tranquilidade renaza nos espri-

tus cidadáns e nese clima se forme a convivencia que se coída precisa pra que as terras hispánicas poidan començar a se comprender. E compre aclarar que ao pedir XUSTICIA, non nos asisten afáns de vinganza, que hai entre eles e nós, unha sima, cavada por eles, na que botaron mortos e máis mortos, odios e máis odios, persecucións a oito, condeas a fame, i-encadenados a milleiros. Esa cova a'atopa sin pechar i-hai que pecha-

to: que os seus poderes pertencenlle ao povo galego e que a él e só a él lle serán entregados no seu día. Facérmolo no desexo de axudar a esa reconciliación, pero reclamando que esa reconciliación seia a base de igualdade de trato pra todol-os españois, pois convén ter presente, e non esquecelo no porvir, que o orixen das disgracias i-as doores que sofren os povos hispánicos son consecuencia da estrutura política que, con esquece-

mos-lo ofrecemos, ledicia que rompín eu con verbas non axoitadas pra un día de festa, pero que eren da miña obriga decir, pois o mundo toleou e compre que na redemñia que o leva envolto seipamos os fillos da vella Celtia cumprir as obrigas que nos impón o salvata, seguindo as directrices das nosas características de povo distinto e ourentados pol-as ideus que deixou escritas o noso Castelao, o noso Cabezeleiro perpetuo,

DISCURSO DE ALONSO PEREZ


(Ven da páx. Central)

d'home do povo. A súa casa — prosegue o señor Alonso Perez — foi, i é, escenario d'acordos importantes; ali xúntanse os membros do Consello de Galiza, Alonso Ríos e Vilaverde, cun fado de patriotas galegos que escoitan con atención os seus consellos, as súas opinións. Falan da súa prestancia, magníficas accións realizadas en Montevideo i en Bos Aires, como asin por orde súa en Galiza. As súas labours de filantropía son moitas e variadas: suvencióna integramente a monumental Historia de Galiza que esta sen, do realizada por un brillante núcleo das máis outas figuras da intelectualidade galega; posibilitou como iniciador e principal contribuinte, a publicación da grande obra de Castelao "As Cruces de Pedra na Galiza"; creou o Patronato da Cultura Galega, asegurándolle unha ampla e sólida base económica. En fin, en Inglaterra, chamárialle "gentleman"; en Italia, "gentiluomo"; en penso que para nós é o verdadeiro espóente da vontade da raza celta; por iso digo, que habería que darlle o título de: Grande Cabaleiro Filántropo Galego.

Don Manoel esta é a demostración e recoñecemento da coledividade galega de Bos Aires, e tamén a doutros homes, doutras coledividades, pol-os seus grandes méritos.

Queira o destino, que o seu exemplo sexa invitado por moitos, para ben das ideás d'humanidade e a liberdade da nosa Patria.

Fágome por elo interprete de todol-os presentes pra desexarlle longa vida e que poida presenciar o logro das súas nobres espranzas, que son as nosas.



A filla do homaxeado, Srta. Rosita Puente recibindo das mans do presidente da comisión organizadora, Sr. Alonso Pérez, un belido ramallo de rosas

la. E si con xusticia non-a pechar os chamados a facelo, pecharalo coa súa xusticia o povo, que tería razón a nos chamar treidores aos mandados. Teu dígovos que denades de merecer ese nome e preferibel mil veces morrer no desterro. Hai que faguer Xusticia si se quere que o sol da Liberdade volva a lucir duradeiro nas terras da Iberia.

O POVO SERA O QUE DECIDA

Dito esto, o Consello de Galiza co pensamento posto na Terra que representa reafirma o que xa ten di-

mente das realidade desos povos, quixeron faguer deles unha soa nación i-o que fixeron foi un Estado con doutrinas alleas e incompatible cos intereses de moitas das nacionalidades a que nos se lles impuxeron. Nesta liña de séculos de sometelas vontade dos máis desos povos á hexemonía dun deles, radica o mal que vimos sufrindo i-arrastrando, e coa que á obrigádo acabar. Temos de deixar de ser coellos d'Indias nos que todolos días sexa mester realizar unha esperencia doxosa e crudel. As probas feitas no correr dos tempos amostan que hai que ter en conta a vontade xa expresada pol-as nacionalidades hispánicas, que o ano 1931 votaron por unha República federal que aconsellaban razóns históricas, étnicas, xeográficas, xurídicas e de fala, que os nosos dirixentes esqueceron torpemente. Os galegos non esquecemos que a data nefasta, mortal, pra nosa liberdade foi aquela inesquecible do século quince, amprada logo cando un imitador insensato dividiu as nosas terras en anacos cortados con tixeira, que viñan a querer enterrall-as vellas nacións ibéricas coa súa gran alma, súa grandeza e súa forza de realidade vivas. E denades aquelas datas que todos levamos o pesadelo que nos agobia e que queremos tirar fora de nós pra asegurar a nosa grandeza i-asegural-a dos demáis povos irmáns.

Temos de ir a isto. E pra isto será que o Consello entregará as súas xentes o mandado que delas ten. Entregarállo ao seu povo, ao que vivo na Terra i-ao que anda pol-o mundo. E será él quen elixa o seu porvir, sin máis intervención que a dos habitantes do noso país, que xa es-

tamos cansos de que as nosas decisións estean condicionadas ao que pensen xentes de terras alleas. Acabouse, o que Zamora siga falando por Galiza. Acabouse o tempo da modestia e comenzo en nós o do orgullo. Queramos ser libres e teremos de sela.

ENVIO

Ben; amado irmán D. Manoel Puente: oxe e día de festa pra nós os galegos, os ausentes da Terra i-os que viven nela. Fixémola festa pra lla ofrecer a vostede coa gratitud máis permanente e o aprauso máis

quente que o seu patriotismo merece. Recollao coa ledicia con que todos cuio espírito presida sempre os nosos aitos, como vive permanente nos nosos corazóns. Temos de salvata Patria Galega. E temos de facelo, pois ademais de ser noso deber é a obriga que nos deixaron os cen mil mortos galegos que xacen nos cimiterios aldeáns, pero que viven nos vals, nas montañas e nas rias e praias da nosa Terra, asiando as súas almas pra que fagamol-a laboura que eles non puderon ver feita: a de erguer de furo dun Estado envilecido o corpo sangro da Patria Galega, froleída e santificada pol-o esforzo i-o sangue dos seus fillos "bós e xenerosos".

Emotiva Carta da Viuda de Castelao

SEÑOR MANUEL PUENTE:

Moi estimado amigo: A grande familia galega, sempre presente pra reconecer i eisaltar aos nosos vaoces patrióticos e culturais, ten oxe a íntima satisfacción de lle rendire a vostede isa tan afervoada como merecida demostración de gratitude.

Na súa esgrevia personalidade, e no seu fidelísimo amore á sagra TERRA, están afincadas as espranzas e ilusións de moitos galegos que ademiran a súa rexa laboura e amprio desprendimento, en canto se trate de patrocinar ou financiar outas obrás que engrandecen e prestixian o nome da nosa ben amada Patria.

Vostede, amigo Puente (permítame que llo diga diante de tanto público), é o FARO, pra o que ollamos cantos sentimos arelas e inquedanzas nos futuros destínos da nosa Galiza, eternamente soñada, da Galiza eternamente deseada.

Van as miñas felicitacións, pra Comisión Organizadora de ise magnífico aito, con un saúdo garimoso extensivo a cantos están presentes, pois coído que eles deben de sere os vellos e bós amigos de sempre.

Tristes razóns de abondo coñecidas, impidenme, amigo Puente, acompañalo a vostede persoalmente; mais teña por seguro que en ise xubiloso intre (igual que en cada aito da coledividade), vivímolo espiritualmente o noso inmorrante ben querido CASTELAO, i esta súa fidel i eterna compañeira.

Súa amiga e irmán,

VIRXINIA P. DE CASTELAO.

Bós Aires, 3/6/1951.

CARTA DE AVELINO DIAZ

Bós Aires, Mayo 4 de 1951.-

Señor Presidente da Comisión de HOMAXE A DON MANUEL PUENTE
Belgrano 2186
CIBDADE.

Da miña meirande estimanza:

Dirixome a vostede, i-á Comisión que dinamente perside, pra lles facer chegar a miña afervoada adhesión ao Homaxe que se lle tributará ao dino e grande patriota Don Manuel Puente, adhesión ésta que leva emparellado o testimoño da miña sincera benquerencia ao nobre galego que sabe facer honor á patria e que sinte as arelas de redención que latexan no seo mesmo da nosa terra, tanto como na ialma múltiple do noso povo.

Entr-os moitos feitos xurdíos que leva realizados a nosa coledividade, e que sigue efeitando, este do Homaxe a Don Manuel Puente, é, sen dúbida, un dos aitos máis dínos e merecidos de loubanza, porque él significa o recoñecemento dos méritos, da laboura e dos sagreficios feitos por ese patriarca de cuíus virtudes sabemos todos os galegos de Bós Aires i-especialmente os que tivemos a sorte de traballar á súa veira e contar co seu entusiasmo, cos seus consellos, cos seus exemplos e coa súa axuda xenerosa a prol da redención da patria galega; quizabes ninguén como él fixo tanto e quizabes poucos como él sentiron o chamado da Raza, da Terra e do povo galego con tanto sentimento a con tan afervoado patriotismo.

Por elo merece ben da patria e de todos os galegos e, por elo, é tan outamente significativo ese Homaxe que se lle debe i-cal eu sumo a miña homilde adhesión, porque sei que cando se honra a un home como don Manuel Puente, a honranza leva implícita unha eixtensión deica á Patria Galega, que ten en Puente un dos seus máis dileutos fillos.

Augurando, pois, pleo éxito ao dito aito e desexando que a él se xungan todos os "bós e xenerosos" pra que seia a expresión da gratitude galega a un nobre fillo da nosa terra, saudoo a vostedes i-a todos os irmáns que cooperan na organización coa miña meirande estimanza.

AVELINO DIAZ.

LEA E DIFUNDA
A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO, QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GALIZIA

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSTRA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forxá, forxade grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideas
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non, o duro
Nin a morte extinguillos.
[ferro,
EDOARDO PONDAL

Ano XXXIII — Núm. 479

BOS AIRES, XUÑO DE 1951

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Plebiscito do Estatuto Galego

No retablo presidencial das Cortes constituintes a figura de Besteiro estaba diminuída pola presenza dos Reis Católicos (dous grandes pantasma de mármore, entrometéndose na vida da República, como a serpe no Paradiso). Pero, ademais, aquel Salón de Sesións tiña madre centralista. Este abonda para explicar a mudanza dos deputados, que predicaban o federalismo antes de vir a República e logo maldecían dos Estatutos.

Con todo é preciso recoñecer que o vello sistema unificador e centralizador da monarquía —infiltrado solerminamente no corpo recén nacido da Repú-

blica — non tivo máis remedio que pactar con algunhas aspiracións contrarias, insobornables e invencibles. Así se abriron as portas da Constitución para iniciarse en Hespaña unha época renovadora. O centralismo quedou ameazado de morte pola virtude d-unhas verbas estampadas na Constitución. E aínda que non se produciuse esta guerra —capaz de remudalo todo—, e aínda que se interpuxesen os políticos de secano, a vitoria sería nosa (nós somos a periferia).

Por existir unha posibilidade legal e contra todas as inormas gubernativas que nos cerraban o paso, nós exercemos

por Castela

as prerrogativas constitucionales de modo insuperable. E, xustamente, polos obstáculos que derruamos e polo temor dos que aínda se nos poideran opor, a nosa empresa foi desenvolada con todas as precaucións. Así, o Estatuto autonómico de Galiza que hoxe está en poder das Cortes da República, é o resultado d-unha labouira intachable, moral e legalmente considerada.

A simple concepción do Estatuto galego sería d-abonde para gañarmos a vontade d-un Goberno verdadeiramente democrático. O anteproyecto que redactaran os técnicos e que someteran a información pública, foi intervido polos Concellos municipais, polos Partidos políticos, pol-as Cámaras de Comercio, pol-as Sociedades Económicas, pol-os Colexios de Abogados, pol-a Universidade compostelán, a Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos, pol-as Sociedades agrarias, pol-as Asociacións de traballadores, etc., etc. Na Asambleia en que se discutiu o Estatuto calquera cidadán galego tiña voz. As portas do salón de sesións estaban abertas, e o povo fixo de xuez, manifestándose diréitamente a favor ou en contra dos oradores. Por medio da radio e valéndonos de outavoces, instaladas nas rúas, o povo galego asisteu, durante tres días, as deliberacións da aquela magna Asambleia. A sesión de clausura transmitíuse, por fio telefónico, aos nosos emigrados de América. Este acto insólito, modelo único de democracia diréita, produxo unha eclosión, indescribible da vontade galega; pero pasou desapercibida para o Goberno da República, situado a moita distancia...

A proposta do Estatuto galego realizouse con toda caste de garantías legais. Os Concellos municipais que o propuxeron eran aínda Corporacións de elección popular e non Comisiones amañadas no seo dos Gobernos civís. Estes Concellos sabían que o noso Estatuto era moito máis que unha obra de técnicos, elaborada ao redor d-unha mesa, lonxe das realidades vivas do país. Constáballes que aquel documento amparaba xurídicamente os intereses do povo labrego e mariñeiro, non contaminado pol-as arbitrariedades caciquies. Así foi posible que a proposta dos Concellos rebasara o quorum que a Constitución exige, e sen que para cumprir este deber histórico foran necesarias as consabidas consiñas gubernativas.

Velahí cómo se compreu o primeiro trámite: Na Asambleia de Compostela os repre-

sentantes dos municipios galegos —debidamente autorizados pol-os Concellos— aprobaron o Estatuto que se acababa de redactar coa súa intervención. D-este acto levantouse acta notarial. Despois os Concellos celebraron sesión para ratificaren o voto favorable dado pol-os seus representantes na Asambleia, e tomaron o acordo solemne de proporen aquel Estatuto a decisión dos eleitores galegos. Eu creo que non sería posible executar con máis escrupulos e mellor que nós o primeiro requisito que a Constitución exige.

O plebiscito estatutista celebrouse o día 28 de xunio do 1936 e foi obra dos Partidos de esquerda, triunfantes nas eleccións de febreiro. Moito antes de constituirse o Frente Popular en Hespaña xa existía de feito unha alianza dos Partidos antifeixistas de Galiza, recoñecendo como base de unión o dereito do noso país a dispor libremente dos seus destinos. Na propaganda que precedeu as eleccións manifestouse o compromiso de plebiscitar o Estatuto, e todos sabíamos que o triunfo do Frente Popular galego supoñía o triunfo dos nosos anxeos autonomistas. Este compromiso compreuse con toda lealdade. Por acordo dos deputados e compromisarios, que acudimos a Madrid para elixir o Presidente da República, e despois por acordo da Asambleia popular, que se celebrou en Compostela o día 17 de maio, fíxose a data do plebiscito. O decreto que se nos concedera no 27 de maio do 1933, autorizaba ao Comité Central da Autonomía Galega para determinar a data da consulta electoral, sen máis obriga que a de comunicalo con quince días de anticipación aos catro gobernadores de Galiza. Así se fixo. A propaganda que realizaron conxuntamente os Partidos de

esquerda, foi tan intensa que non ten precedentes en Hespaña, e o resultado do plebiscito rebasou en 97.927 votos favorables o porcentaxe que a Constitución exige. Gañamos, ademais, en todas e cada unha das provincias. Pode engadirse ao plebiscito oficial o que se chamou "plebiscito sentimental".

O tópico do caciquismo galego, tan espallado en Hespaña (o que está realmente espallado é o caciquismo) projecta sempre unha sombra de desconfianza enriba de todos os nosos actos políticos. Compre decir, primeiro, que os caciques galegos eran inimigos declarados do Estatuto e que non lograron evitar o noso triunfo. Compre decir tamén que o decreto que se nos outorgou para celebrarmos a consulta electoral, concedía intervención a todas as Cámaras oficiais, Colexios profesionales, Asociacións patronales e obreiras, así como institucións de cultura, etc., e que estas entidades podían dispoñer do Corpo notarial de Toda Hespaña para que vixiaran a pureza do plebiscito, intervido as mesas dos colexios. Este intervencionismo, outorgado exclusivamente a Galiza, pol-a xenerosa previsión do Goberno, non produxo reclamación ningunha. Podemos, polo tanto, agradecer a xenerosidade do Goberno, que nos permite proclamar, con testemuos legais, a pureza do referendum galego a favor do Estatuto.

As probas a que se nos someteu eran escepcionales e sen precedentes; pero vencémolas. Tamén teremos azos para vencermos outras. Celebrado pol-as colonias galegas de Hespaña, América e Portugal, e de algunhas cidades de Lembramos que somentes en Madrid recolléronse trinta mil firmas de galegos adheridos a nosa campaña.

(De "Sempre en Galiza").

MENSAXE DE ADHESION A DON MANUEL PUENTE

Recentemente chegou ao noso coñecemento a noticia do próximo homenaxe que, en Buenos Aires, se lle vai ofrecer ao gran patrio galego Don Manuel Puente. A distancia impídennos materialmente a presenza física no aito, pero non nos impide —non nos pode impedir— a participación espiritual nun homenaxe ofrecido a un irmán que tantos e tan fondos merecementos soupo despertar na estimación de cantos vivimos co pensamento posto no destino da comunidade galega.

Don Manuel Puente é pra nós un d'ises homes da raza galega que soupo triunfar no mundo sin máis recursos que a súa crara intelixencia e a poderosa enerxía da súa rexa vontade. Triunfou lonxe da terra, mais nin o triunfo nin a lonxanía amingouaron os seus sentimentos de lealdade ao país no que naceu, ao destino do povo a que pertence. Nin os grandes bens e riquezas adquiridos en terras lonxanas, nin o arredamento espacial ao longo do tempo, abondaron pra crear os seus vencellos morais con Galicia. Na plenitude do seu triunfo, dando un exemplo nobilísimo de fidalguía moral, ofrecéulle xenerosamente a Galicia parte da súa riqueza. Quixo que o seu triunfo persoal fose, de algunha maneira, un triunfo da propia terra, dándolle medios sólidos ao desenvolvemento da nosa cultura.

Sabe Don Manuel Puente que o prestixio de Galicia no mundo ha de se conquistar pol-os esforzos da nosa vida cultural, e sabe, igualmente, que o desenrolo da nosa cultura depende fundamentalmente dos medios económicos con que conte. De ahí dúas das súas iniciativas, que son, sin dúbida, dúas aportacións sustanciais pra o futuro da cultura galega: a financiación d-unha magna Historia de Galicia na que os galegos poidan coñecer o pasado do seu povo — único xeito de que cheguen a conquistar unha conciencia colectiva movida pola estimación propia—, e a creación dun "Patronato da Cultura Galega", que será, no porvir, a garantía segura da continuidade das nosas grandes empresas culturais.

A patriótica conduta de Don Manuel Puente ten unha dobre significación: a da súa realidade concreta, e a do seu valor exemplar. El ven a comezar unha nova etapa na vida cultural galega: a dos homes dotados de gran riqueza económica que patrocinan grandes iniciativas pra a nosa cultura. O día que patrocinan grandes iniciativas pra a nosa cultura, o día que todos os fillos de Galicia, donos de fortuna económica, sigan o outo exemplo de Don Manuel Puente, o desenrolo da cultura galega acadará todo o esplendor que a inmensa vitalidade espiritual do noso povo é capaz de conquistar.

Por iso, neste día no que os amigos de Buenos Aires lle rinden un homenaxe, queremos que chegue ahí a nosa voz, que é portadora da nosa adhesión persoal, e tamén mensaxeira do sentimento de gratitude que Galicia mesma sente por un dos seus fillos meritorios, que tan positivamente contribuíu ao incremento da nosa vida cultural.
Galicia, 25-5-1951—

Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Valentín Paz Andrade, María Pilar R. Prada de Paz Andrade, Xesús Carro García, Xaime Isla Couto, Raimundo García Domínguez (Brobó), Anxel Fole, Manoel Gómez Román, Darío Álvarez Blázquez, Manoel Beiras, Lois Viñas Cortegoso, Xesús Ferro Couselo, Fermín Pensol, Xosé Mosquera Pérez, Anxel Zolán, Xosé Meixide, Emilio Bugallo.

CELTA

UNHA CASA INTEIRAMENTE GALEGA

XASTRERIA DE MEDIDA

CONFEICIONS — CAMISAS — XAPEUS
CRABATAS, etc.

Fco. LACROZE 4086